

Benestar en balnearios 2025 – BS607A

Normativa

Orde do 6 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do programa Benestar en balnearios e de axudas para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 113 do 16/6/2025) **BS607A**

Baremo Anexo V Folleto balnearios 2025

Obxecto

Convocar un total de 1.276 prazas para as estadias e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2025, que se levarán a cabo nas **quendas e establecementos termais que se relacionan no anexo IV**.

En cada solicitude só se poderá relacionar un máximo de 3 destinos por orde de prioridade.

Persoas beneficiarias

Para beneficiarse deste programa haberá que reunir os seguintes **requisitos**:

- a. Ser maior de 60 anos, ou de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b. Estar empadroada e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Valerse por si mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- d. Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio.
- e. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f. Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.
- g. Cumprir cos requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Acompañantes

A persoa solicitante poderá ir acompañada de:

- a. O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa cal teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a)
- b. Un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando este o poida facer sen necesidade de apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, comparta o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpra os requisitos, agás o da letra a).
- c. Unha persoa coa cal desexa participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos.

As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Duración e servizos ofertados

As quendas teñen una duración de **10 días e nove noites** cada unha, realizaranse en réxime de **pensión completa** e comprenderán desde as 12:00 h. do día de chegada ata as 12:00 h. do día de saída.

O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido **entre o 15 de xullo e o 31 de decembro do ano 2025**.

Servizos:

1. Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido, ou no caso de existir dispoñibilidade en cuartos individuais.
2. Tratamentos termais, coas indicacións terapéuticas que figuran para cada balneario no anexo IV, que comprenderán:
 - Recoñecemento médico, ao ingresar no balneario, para a prescrición do tratamento.
 - Tratamento termal básico que, en cada caso, prescriba o persoal médico do balneario.
 - Seguimento médico durante a estadía
3. Programa de actividades de animación sociocultural que se leve a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
4. Póliza colectiva de seguro turístico.

O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así coma o de regreso será por conta das persoas beneficiarias, sen prexuízo de que se poidan acoller ás facilidades para o transporte que oferte o balneario, se for o caso.

As persoas solicitantes que estean interesadas en aloxarse nun cuarto individual, no caso de que haxa dispoñibilidade, teranse que facer cargo da diferenza entre o prezo aboado e o prezo total dese cuarto.

As persoas solicitantes que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude, nos termos do anexo I e acreditarlo ao incorporarse á quenda.

As actividades ou excursións organizadas polo establecemento balneario que impliquen un custo adicional non están incluídas no programa. A participación nestas será voluntaria e por conta da persoa interesada.

Prezo

O prezo a pagar por cada persoa beneficiaria, por estadía na praza do establecemento balneario e quenda adxudicada é o seguinte:

1. Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou 3 estrelas categoría superior: 377,89 €.
2. Balnearios con establecementos hoteleiros de 3, 2 ou 1 estrela: 349,89 €.
3. Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 269,17 €.

Estes importes teñen carácter de prezo pechado e inclúen todos os servizos incluídos da quenda correspondente. Non se efectuará ningunha dedución cando, por causas imputable á persoa beneficiaria, non se desfruten a totalidade dos servizos.

A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento do custo das estadías, cunha achega por praza, polos importes seguintes:

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou 3 estrelas categoría superior: 262,08 €.

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 3, 2 ou 1 estrela: 258,31 €.
- Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 247,39 €.

A Consellería de Política Social e Igualdade aboará directamente ao establecemento balneario correspondente o importe da achega que se establece, sendo por conta da persoa beneficiaria o resto do importe, consonte cos prezos dos contratos formalizados cos establecementos relacionados no **anexo IV**.

Documentación

Solicitud e anexos

a) Anexo II, se procede: datos do/da fillo/a da persoa solicitante. Xunto co anexo II deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do pasaporte, se procede, do fillo ou filla con discapacidade acompañante.
- Informe médico actualizado do/da fillo/a, no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira dalgunha atención especial como tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, cuarto individual ou similar.
- Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, se o dito certificado non fose expedido pola Xunta de Galicia ou non estiver no poder desta.

b) Anexo III, se procede: datos da persoa acompañante. Xunto co anexo III deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do pasaporte, se procede, da persoa acompañante.
- Informe médico actualizado da persoa acompañante, no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira dalgunha atención especial como tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, cuarto individual ou similar.
- Certificado das pensións non outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) nin pola Xunta de Galicia da persoa acompañante, se for o caso.

c) Copia do pasaporte, se procede, da persoa solicitante.

d) Copia do libro de familia ou certificado do rexistro civil equivalente da persoa solicitante no caso de que queira acudir ao programa acompañada dun fillo ou filla con discapacidade.

e) Certificado das pensións non outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) nin pola Xunta de Galicia da persoa solicitante, se for o caso.

f) Informe médico actualizado da persoa solicitante, no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira dalgunha atención especial como tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, cuarto individual ou similar.

Prazo presentación de solicitudes

Un mes contado desde o día seguinte á publicación desta orde no DOG. Do 17 de xuño ata o **16 de xullo de 2025**.

Lugar de presentación

- Preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, para o que é preciso o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do [procedemento administrativo común](#).

Adxudicación de estadias e forma de pagamento

Na resolución de concesión indicárase o establecemento balneario e quenda na que se lle outorga a estadia na praza do dito establecemento, o custo e o importe a pagar en concepto de reserva de praza, os trámites necesarios para formalizar a adxudicación definitiva, así como a documentación e material ou accesorios que precisa levar para incorporarse ao programa.

Unha vez notificada a concesión da estadia, as persoas beneficiarias teñen a obriga de confirmar por escrito, e no prazo que se lles indique na resolución de concesión, a súa aceptación acompañada do xustificante de pago da cantidade de 30,00 € que en concepto de reserva de praza.

As persoas que formalizaran a súa adxudicación definitiva aboarán directamente no establecemento balneario, cando se incorporen á quenda, a diferenza entre o prezo para a estadia e a cantidade xa achegada en concepto de gastos de xestión da reserva.

Mais información sobre este programa

Liña de atención directa a maiores Canle+65: 900 333 666

Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Subdirección Xeral de Envellecemento Activo, Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria

Servizo de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia

· Email: subxeaiss.politicasocial@xunta.gal

· Teléfono: 881995961

Na web: politicasocial.xunta.gal

Documentos asociados

Solicitud

Anexo II, se procede: datos do/da fillo/a da persoa solicitante.

Anexo III, se procede: datos da persoa acompañante

Quendas e establecementos termais. Anexo IV

DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS CON CITA PREVIA (981 513 106).